



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | 2021/22 | |
| Asignatura (*) | Metodoloxía da Investigación en Xerontoloxía | Código | 653540006 | |
| Titulación | Máster Universitario en Xerontoloxía | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 4 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas | | | |
| Coordinación | Maseda Rodríguez, Ana Belén | Correo electrónico | ana.maseda@udc.es | |
| Profesorado | Maseda Rodríguez, Ana Belén | Correo electrónico | ana.maseda@udc.es | |
| Web | estudos.udc.es/es/subject/4540V01/4540006 | | | |
| Descrición xeral | Esta materia abordará a metodoloxía da investigación aplicada á xerontoloxía para poder resolver problemas do campo, obtendo resultados válidos e fiables. Preténdese introducir ao alumno nas bases metodolóxicas para realizar e publicar traballos científicos. Comprenderá 2 partes principais, a investigación (metodoloxía e manexo de instrumentos, técnicas, deseño, etc.) e a documentación (artigos, presentación e redacción de traballos, citas bibliográficas, etc.). | | | |



| | |
|-----------------------------|--|
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none">- Sesión maxistral- Discusión dirixida- Presentación oral- Seminario- Solución de problemas- Proba de resposta múltiple- Prácticas a través de TIC- Traballos tutelados- Proba obxectiva- Atención personalizada <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>As clases maxistras e os seminarios pasarán a darse de forma virtual a través da plataforma de Microsoft Teams. As presentacións orais por parte dos alumnos faranse tamén a través de Teams. A proba obxectiva pasaría a realizarse empregando Moodle. A atención personalizada para a titorización dos traballos tutelados farase mediante Microsoft Teams, Moodle e por correo electrónico.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none">- Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos temas? da materia, para formular as consultas necesarias.? Teams: 1 sesión semanal en grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. 1 sesión mensual (ou mais segundo o demande o alumnado), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia.- En caso de que o alumnado teña problemas de conexión a internet poderase utilizar a vía telefónica. <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Mantéñense as porcentaxes da avaliación, especificadas na guía docente, realizando o exame de forma virtual mediante a ferramenta Moodle e a presentación oral do traballo tutelado por parte do alumnado mediante Microsoft Teams.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que:</p> <ul style="list-style-type: none">- As referencias ao cómputo da asistencia, que se realizarán respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial e a partir de aí considerarase a asistencia ás clases virtuais no horario establecido previamente co alumnado.- En caso de ser preciso, a oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a 1ª oportunidade. <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios.</p> <p>Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.</p> |
|-----------------------------|--|

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|-------------------------------------|
|--------|-------------------------------------|



| | |
|----|---|
| A1 | Ser capaces de recoñecer as principais patoloxías e síndrome xeriatricas mediante a aplicación de novas e innovadoras metodoloxías de traballo adaptadas ao ámbito da xerontoloxía |
| A8 | Saber aplicar e integrar os coñecementos adquiridos, a comprensión destes, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en contornas sociais e sociosanitarias e definidos de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais do campo da xerontoloxía |
| B1 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa xerontoloxía e a xeriatría |
| B3 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos |
| B4 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións? e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades |
| B5 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-------------------------------------|---------------------------------|------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| - Comprender os aspectos metodolóxicos a seguir na formulación e desenvolvemento da investigación en xerontoloxía. | AP1 AM1 | BM1 BM2 BM3 BM4 BM5 | CM1 CM2 CM3 CM4 |
| - Aplicar dito coñecemento na investigación en xerontoloxía, deseño de experimentos, etc. | AP6 AI3 | BP1 BP1 BP1 BP1 BI1 | CM14 CM14 CM14 CM14 |
| - Razonar cientificamente traballos da área de xerontoloxía, sendo capaces de discutir a información, interactuar e sacar conclusións, presentando informes e traballos concluíntes. | AP6 AI3 | BP1 BP1 BP1 BP1 BI1 | CM14 CM14 CM14 CM14 |
| - Comunicar de forma científica, coñecementos da área de xerontoloxía en todos os campos (docentes, sociais, de investigación), de forma escrita, oral ou visual en artigos científicos, seminarios, congresos, comunicacións, clases maxistras, ?. | AP6 AI3 | BP1 BP1 BP1 BP1 BI1 | CM14 CM14 CM14 CM14 |
| - Desenvolver habilidades de aprendizaxe para emprender estudos e investigacións na área da xerontoloxía, con capacidade para deseñar e estruturar un traballo de investigación. | AP6 AI3 | BP1 BP1 BP1 BP1 BI1 | CM14 CM14 CM14 CM14 |



| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| PARTE I. DOCUMENTACIÓN EN XERONTOLOXÍA. FORMAS DE COMUNICACIÓN CIENTÍFICA | <p>Tema 1. Documentación científica. Definición e tipos</p> <p>Tema 2. O artigo científico. Estrutura</p> <p>Tema 3. Bibliografía. Estilo Vancouver/APA. Citas electrónicas.</p> <p>Tema 4. Recomendacións xerais para a publicación de orixinais. Requisitos comúns das revistas biomédicas</p> <p>Tema 5. Factor de impacto e outros índices de calidade de publicacións e autores</p> <p>Tema 6. Bases de datos e revistas electrónicas. Internet</p> <p>Tema 7. Outras formas de divulgación da investigación</p> <p>Tema 8. Presentación de resultados: comunicacións orais e pósteres en eventos científicos. Técnicas e habilidades de presentación de resultados</p> |
| PARTE II. A INVESTIGACIÓN EN XERONTOLOXÍA | <p>Tema 9. Investigación científica. Conceptos e fundamentos. Metodoloxía científica</p> <p>Tema 10. Informes propios: caracterización e soportes. Caderno de laboratorio. Informes. Rexistro de material. Técnicas para a recollida de datos</p> <p>Tema 11. Epidemioloxía. Factores de risco</p> <p>Tema 12. Tipos de investigación</p> <p>Tema 13. Tamaño da mostra e selección aleatoria</p> <p>Tema 14. Deseño da investigación. Etapas do traballo científico: identificación do problema, formulación de hipótese</p> <p>Tema 15. Variables e probas estatísticas para a análise dunha investigación</p> <p>Tema 16. A investigación en Xerontoloxía. O doutoramento. Financiamento de proxectos</p> |

| Planificación | | | | |
|----------------------------|-------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Presentación oral | A1 A8 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C4 | 4 | 10 | 14 |
| Solución de problemas | A1 A8 B1 B2 B3 B4 B5 C2 C4 | 0 | 2 | 2 |
| Proba de resposta múltiple | A1 B1 B2 B3 B4 B5 C2 C1 | 0 | 4 | 4 |
| Prácticas a través de TIC | A1 A8 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C4 | 4 | 4 | 8 |
| Traballos tutelados | A1 A8 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C4 | 0 | 30 | 30 |
| Proba obxectiva | A1 A8 B1 B2 B3 B4 B5 C4 | 4 | 10 | 14 |
| Sesión maxistral | A1 A8 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C4 | 24 | 0 | 24 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|----------------------------|---|
| Presentación oral | Intervención inherente aos procesos de ensinanza-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordeado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. |
| Solución de problemas | Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución. |
| Proba de resposta múltiple | O/a alumno/a deberá realizar obrigatoriamente, a través da plataforma de teleformación, exercicios, relacionados coa docencia impartida no curso. |
| Prácticas a través de TIC | Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado. |
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor. |
| Proba obxectiva | Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigurosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír cun so tipo de algunha destas preguntas. |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso casi exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|--|
| Sesión maxistral Traballos tutelados Presentación oral | Dado que é unha materia eminentemente práctica, na cal a superación da mesma está ligada ao uso correcto da información recibida na presentación de traballos de investigación, o traballo persoal do/a alumno/alumna é unha parte fundamental da avaliación da mesma, supoñendo un número de horas (mínimo) similar ás horas presenciais no aula. A atención personalizada ao alumno/a axudará a completar de forma individualizada a súa formación, principalmente na utilización das bases de datos científicas necesarias para a realización dos traballos tutelados, a realización e discusión das probas propostas durante o curso, así como do exame e dos comentarios de texto a presentar. No caso dos traballos tutelados esta atención cobra especial relevancia para que o/a alumno/a poda entregar un traballo apto para superar a materia. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|----------------------------|----------------------------|---|---------------|
| Proba de resposta múltiple | A1 B1 B2 B3 B4 B5 C2 C1 | O/a alumno/a deberá realizar obrigatoriamente, a través da plataforma de teleformación, exercicios, relacionados coa docencia impartida no curso. | 10 |



| | | | |
|---------------------|-------------------------------------|--|----|
| Sesión maxistral | A1 A8 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C4 | O/a alumno/a deberá asistir ás clases, seminarios propostos para completar e mellorar a comprensión da docencia impartida nas sesións maxistrais, e defensa de presentacións orais propostas. No caso de que o alumno teña máis de 3 faltas, deberá realizar un traballo de investigación máis extenso: < 3 faltas- 20 citas; 4-6 faltas: 40 citas; 7-9 faltas: 60 citas; > 10 faltas: 80 citas. Darase un 5% da nota final a aqueles alumnos sen faltas, restando 0,2 por cada falta. | 5 |
| Traballos tutelados | A1 A8 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C4 | O/a alumno/a, ao finalizar o curso, deberá entregar un traballo de investigación, ou de revisión bibliográfica de alta calidade, avaliándose a estrutura e forma do mesmo, o uso de traballos científicos relevantes (mínimo de 20 referencias bibliográficas, das cales polo menos o 80% serán en inglés) e a calidade e innovación do tema proposto. Este traballo terá un valor do 40% sobre a nota final (10% presentación oral do traballo e 30% calidade do traballo escrito). | 40 |
| Proba obxectiva | A1 A8 B1 B2 B3 B4 B5 C4 | Ao finalizar a materia, o/a alumno/a pode presentarse a unha proba final, exame, para avalialo da docencia impartida ao longo do curso. | 30 |
| Presentación oral | A1 A8 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C4 | O/a alumno/a deberá realizar unha presentación oral ademais dun traballo de investigación en formato póster. Terá un valor do 15% sobre a nota final total, avaliando a organización e información, pronuncia e entoación, vocabulario, dominio do tema e claridade de ideas. | 15 |

Observacións avaliación

Para superar a materia deberá superarse tanto a proba obxectiva como o traballo tutelado.

O traballo tutelado (escrito), é dicir, o 30% da nota total da materia, poderá convalidarse no caso de que o/a alumno/a preparara un artigo científico para publicar nunha revista de prestixio ou ben xa o teña publicado, sobre o que deberá facer unha presentación oral (10%).

TRABALLOS TUTELADOS: Caso de detectar fraude, copia ou plaxio na redacción do traballo da materia, implicará un suspenso na oportunidade de avaliación afectada (0,0) e remisión directa á oportunidade seguinte. Dita actitude comunicárase á Comisión Académica e ao resto de profesores do título. En caso de que se reitere a irregularidade nunha 2ª avaliación, a Comisión poderá solicitar ao Reitor a expulsión temporal ou perpetua do alumno do Mestrado cursado.

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - American Psychological Association (2020). Publication manual of the American Psychological Association (7th. Ed.). Washington, D.C.: APA - Burgos Rodríguez, R. (1998). Metodología de investigación y escritura científica en clínica. Granada: Escuela Andaluza de Salud Pública - Carrasco, J.L. (1995). El método estadístico en la investigación médica. Madrid: Ciencia 3 - Domenech, J.M. (1999). Métodos estadísticos en ciencias de la salud. Barcelona: Signo - Fernández Ríos, L. & Buela-Casal, G. (2009). Standards for the preparation and writing of Psychology review articles. International Journal of Clinical and Health Psychology, 9(2), 29-344 - García Roldán, J.L. (1995). Cómo elaborar un proyecto de investigación. Alicante: Universidad de Alicante - Hulley, S.B. & Cummings, S.R. (1993). Diseño de la investigación clínica-un enfoque epidemiológico. Barcelona: Doyma - Lodeiros Seijo, C. (2002). Manual práctico para la redacción y crítica de un artículo científico. Venezuela: Ediciones UDO / Fundacite Anzoategui - Millán Calenti, J.C. (2006). Principios de Gerontología y Geriatria. Madrid: McGraw-Hill Interamericana - Mira, J.J., Gómez, J., Aranaz, J. & Pérez, E. (1998). Auditoría de historias clínicas: ¿cuál es el tamaño adecuado de la muestra?. Todo Hospital, 140: 58-64 - Pita, S. (2015). Metodología de la investigación. Disponible en: http://www.fisterra.com/mbe/investiga/index.asp - Rius, F. & Barón, F.J. (2005). Bioestadística. Madrid: Thomson - Sentís, J., Pardell, H., Cobo, E. & Canela, J. (2003). Manual de bioestadística (3ª ed.). Barcelona: Masson |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Traballo Fin de Máster. Especialidade Clínica/653540010

O Proxecto de Investigación en Xerontoloxía/653540017

Observacións

Libros e manuais adaptados á materia e outras Referencias

bibliográficas, medios informáticos e medios audiovisuais É recomendable o coñecemento de inglés técnico debido a que se precisará ler artigos e traballos científicos en inglés. Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir co obxectivo estratéxico 2 do "IV Plan de Acción do Programa Green

Campus FCS (2020-2022)", os traballos documentais que se realicen nesta

materia: a) Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte

informático b) De realizarse en papel: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado. -

Evitarase a realización de borradores.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías